

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 2 DE MAIO DE 2005

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

#### Favorables.-

1720/04.- Mármoles Alende, S.L.- Obra e apertura (LAP/175/04), de nave industrial adicada a Marmolería no Polígono Costa Vella , Rúa Amio, SUNP-37.

2380/03.- José M<sup>a</sup> García Casas.- Viv.unif. na R/ do Lindeiro, Meixonfrío, parcela 315-2.

202/05.- José Arturo Amado Brea.- Galpón anexo á vivenda, na parcela sita na Rúa dos Vilares núm.57.

102/05.- Promociones Ventas de Lenguelle, S.L.- 6 Viv. unif. pareadas en Agra de Santomil, San Martín de Laraño, parcelas 1-6.

### 4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de dúas subvencións para edificios do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 16.623,86 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Rosario Asorey Brey, en representación da comunidade de propietarios	Rúa Nova, 55	4.298,05
Asunción Sexto López, en representación da comunidade de Herederos de Amadeo García Cibeira, C.H.	Campo de San Domingos de Bonaval, 2-baixo	12.325,81

### 5.- Aprobación definitiva da Modificación do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 7 (SUNP-7). O Avío.

Acórdase aprobar definitivamente a modificación do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 7 (SUNP-7). O Avío.

### 7.- Aprobación inicial do Plan Especial director de ordenación e rehabilitación do camiño francés de Santiago de Compostela (PE-3).

Acórdase aprobar definitivamente o Plan Especial director de ordenación e rehabilitación do camiño francés de Santiago de Compostela (PE-3).

### 10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación de diversos Convenios para o programa de Escolas deportivas de promoción municipal.

No marco do programa de Escolas Deportiva de Promoción Municipal para a temporada 2004/2005 acórdase aprobar os convenios con catorce entidades deportivas por un importe total de 37.526 euros.

**11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación de diversos Convenios para as campañas deportivas de fútbol-sala, fútbol 7 e minibásquet.**

No marco das Campañas deportivas de fútbol sala, fútbol 7 e minibásquet “Memorial Lorenzo de la Torre”) nas que colabora o Concello e que organizan a Agrupación de Deportistas Veteranos, a Delegación de Fútbol de Santiago e a Delegación Santiaguesa de Baloncesto, respectivamente, acórdase aprobar os convenios de colaboración con estas entidades para o desenvolvemento destas competición, cunha aportación municipal de 14.564,50 euros.

**12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Mercados relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e o Instituto municipal de mercados de Barcelona para a remodelación da Praza de Abastos.**

Acórdase aprobar o devandito convenio de colaboración para o asesoramento en cuestións relacionadas coa remodelación da Praza de Abastos, convenio que supón unha aportación municipal de 8.995,55 euros.

**13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego para dar conta da concesión das axudas dos cursos de formación ocupacional para 2005, pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.**

Dase conta da concesión de subvención da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de subvencións para a realización dun curso de instalador de sistemas de enerxía solar térmica (polo importe de 28.224 euros) e de fontaneiro (polo importe de 28.192,20 euros), aprobándose tamén unha reserva de crédito polo importe total de ambos cursos (56.416,20 euros).

**14.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD para dar conta de que os programas “Kamelamos guinar”, de prevención de drogodependencias, VIH/sida e enfermidades de transmisión sexual con nenos e xóvenes da comunidade de xitana foron escollidos para formar parte da base de datos do observatorio de drogas e tóxicomanías (EDDRA).**

Dase conta á Xunta de Goberno do acordo adoptado pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas de incluír o programa “Kamelamos guinar”, programa de prevención de drogodependencias, VIH/SIDA e enfermidades de transmisión sexual con nenos e xóvenes da comunidade de xitana que xestiona a UMAD, nos programas que representan a España na bases de datos do observatorio de drogas e toxicomanías (EDDRA) ao reunir os requisitos necesarios para formar parte deste grupo de programas. A difusión destes programas se realiza a través da páxina web <http://eddra.emcdda.eu.int/pls/eddra/showQQuest?Pro-ID=5277>.

**15.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á adxudicación da prestación do servizo de vixilancia e seguridade das dependencias do departamento de Servicios Sociais.**

Acórdase adxudicar a prestación do devandito servizo á empresa Securitas Seguridad España S.A. polo importe de 30.000 euros (IVE incluído) aos er a oferta máis ventaxosa das presentadas.

**16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á adxudicación do mantemento de aplicacións de xestión tributaria e recadatoria e Padrón de habitantes.**

Acórdase adxudicar a prestación do devandito servizo á empresa TAO cun custo anual de 23.978,64 euros (IVE incluído) e un prazo dun ano a partir do asinamento do contrato.

**17.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a redacción do Proxecto básico de acondicionamento da praza de Cervantes e entorno.**

Acórdase a contratación dos arquitectos Javier Franco e Vicente para a redacción do Proxecto básico de acondicionamento da Praza de Cervantes polo importe de 7.700 euros (IVE incluído).

**18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Relacións Veciñais relativa á realización de 3 seminarios de formación para o movemento asociativo veciñal de Compostela.**

Acórdase aprobar a realización de tres seminarios de formación para o movemento asociativo veciñal de Compostela por un importe total de 12.000 euros.

**URXENCIAS.-**

-Acórdase aprobar unha nova prórroga coa empresa UTE Arriva, Monforte e Intercar para a prestación do servizo de facturación da Estación de Autobuses polo prazo dun mes e mentres se realizan os trámites pertinentes para a adxudicación da nova prestación, nas mesmas condicións do contrato orixinario incrementando o prezo coa variación do IPC